

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE AGOSTO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e cincuenta minutos do día cinco de agosto do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto, D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as, D^a Berta Pérez Hernández e D. Rafael Soliño Costas.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 22 DE XULLO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 22 de xullo do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, tódalas concesións supeditaranse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MIGUEL ANGEL POUSA VALLADARES (BAR VALLADARES), con DNI nº 36.008.914-E, con enderezo en San Cibrán, nº 14-Aldán, para a ocupación de 6,00 m2., na beirarrúa do referido lugar.

As autorizacións suxeitaranse ás seguintes:

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspecciona-lo ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2013, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2013.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie

que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 1 DE AGOSTO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 22.350.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.250.- A Benito Lamarca Vázquez, con enderezo en Rúa Pi Margal, nº 108-1º esq-Vigo, outórgaselle un novo prazo de trinta e seis meses para o remate das obras previstas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197-2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.536.- A "IPERNOSA, S.L.", con enderezo na Madalena, nº 112-Darbo, para en Castelo-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 108,00 m²., de soto, 189,00 m²., de planta baixa, 76,00 m²., de primeiro andar, 11,00 m²., de terrazas e unha piscina de 20,00 m²., de conformidade co proxecto básico de marzo do 2013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 17 de xullo do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización dos frontes de parcela aceptándosele o aval en garantía desta por importe de TRES MIL OITOCENTOS SESENTA E UN CON SESENTA E OITO (3.861,68) euros.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 21.917.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR BERTA GARCÍA CANCELAS.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 18 de xullo do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Berta García Cancelas, con enderezo en Rúa A Paz-Edificio Bristol, I 10-3°C-Cangas, para vivenda sita en Camiño Zona Deportiva de Verín-Coiro, parcela n° 1, construída ó abeiro da licenza municipal n° 21.573.

EXPEDIENTE N° 22.694.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR GUADALUPE RIAL GARCÍA.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 23 de xullo do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Guadalupe Rial Cordeiro, con enderezo en Piñeiro, n° 13-Darbo, para vivenda sita en Piñeiro, n° 13-Darbo, construída ó abeiro da licenza municipal n° 22.221.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.595.- A Juan Pousada Hermelo, con enderezo en Baixada a Areamilla, nº 15-Darbo, para en Piñeiro-Darbo, demoler parcialmente un muro en 1,70 metros, fabricación de muro lateral de 6,27 metros, colocación de unha columna de pedra, colocación de un portal e 35,00 m²., de pavimento, de conformidade coa documentación presentada, a situarse, como mínimo, a 4,60 metros do eixo do camiño, a que a zona de cesión ó vieiro se enraxe co camiño, que o muro comece en dita rasante e a que antes do comezo das obras solicite a correspondente tira de cordas.

EXPEDIENTE Nº 24.622.- A Josefa Boubeta Costas, con enderezo en Vilanova, nº 35-O Hío, para na Retirosa, nº 26-Coiro, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 9, cambiar o material de cubrición en 82,55 m²., e reparar as fachadas en 99,31 m²., de conformidade co estudo técnico de maio do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.626.- A Jesús Piñeiro Chapela, con enderezo na Madalena, nº 7- Darbo, para en Gondomar, 1B-entrechán-Cangas, pintar as fachadas en 64,50 m²., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.680.- A Jorge Pérez Rodríguez, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 15-Cangas, para no referido lugar, en solo urbano regulado polo PEPRI, cambiar o material de cubrición en 175,40 m²., de conformidade co

estudo técnico de xuño do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.639.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR INMACULADA POUSADA MALVIDO.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a despacho de pan e similares en Rúa Real, nº 36-baixo-Cangas, peticiónada por Inmaculada Pousada Malvido, con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 5 de xuño do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.671.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTUTA DE ESTABLECEMENTO PETICIONDA POR DOLORES GÓMEZCARRACELAS.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura de establecemento sito en Rúa Fonte do Galo, nº 5, dedicado a despacho de pizza para consumo en domicilio que ata a data rexentaba MASSIMILIANO SCARPA e que a partir desta data pasa a Dolores Gómez Carracelas, con enderezo en Paraíso, nº 21-Baixo-Darbo.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

4º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

4.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN PINTÉNS.

Examinado o informe emitido en data 26.7.13 pola Policía Local, referente a sinalización en Pinténs-O Hío, que di o seguinte:

"R.S. -1665/13.

ASUNTO: INFORME DE SINALIZACIÓN EN PINTÉNS.

A POLICÍA LOCAL DE CANGAS por medio do presente informe fai constar :

Que solicitado informe pola concellería de tráfico sobre sinalización en Pinténs-O Hío e unha vez postos en contacto con membros da asociación veciñal, púidose comprobar:

Qué é necesario sinalizar horizontalmente á maior brevidade a saída do Camiño dos Carballos coa estrada provincial do Hío-Vilanova, delimitando os estacionamentos en fila na confluencia da ámbalas vías, xa que a situación actual dificulta a visibilidade e polo tanto a seguridade viairia no citado cruce.

Que é necesaria sinalización de vía sen saída na entrada do Camiño do Monte, porque algúns vehículos, especialmente nos meses de verán métese polo camiño e non poden dar volta ou camiñarse con outra vía.

Que no Camiño das Infestas, onde se solicita nun tramo de cen metros, dobre sentido de circulación, NON PROCEDE nos meses de verán pola problemática de accesos a praias, pero pode ser factible no resto do ano.

Que ademais debería comunicarse á Deputación Provincial a necesidade de limitar a velocidade na zona a 50 kilómetros hora, na estrada provincial do Hío-Vilanova."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial e ós departamentos de Policía Local, Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

5º.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinado o informe emitido ó respecto en data 1.8.13 polo concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, referente á solicitude de devolución de garantías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade co informe favorable emitido ó respecto polo concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, acorda aprobar a seguinte solicitude de devolución de garantías:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
SERVISUB BUEU, S.L.	FIANZA	2.266,36 €	Contrato de subministración e servizo de instalación, mantemento, retirada e limpeza do material de balizamento para as praias do Concello de Cangas (R.A. 31.5.12).

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE CANGAS".

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 5.8.13, referente ó inicio de expediente de contratación do "SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE CANGAS", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE CANGAS.

Vista a necesidade deste concello de contratar o servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15.

Visto o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino publico non universitario do concello, asinado o 5.07.2013, co obxecto de establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP de Cangas, no CEIP do Hío, no CEIP de Espiñeira-Aldán e no CEIP da Rúa.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do 'Servizo de Catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/2014 e 2014/2015', mediante procedemento aberto.

SEGUNDO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que por intervención se faga a retención de crédito que confirme que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a sinatura deste contrato e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO.- Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente ó inicio de expediente de contratación do "SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE CANGAS".

B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE REPINTADO DE PRAZA DE MINUSVÁLIDOS NA AVDA. DE MARÍN, Nº 26.

Visto a solicitude presentada por "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.", con enderezo na Avda. de Marín, nº 26-Cangas, na que demanda o repintado da praza de minusválidos existente no referido lugar.

Dase conta, así mesmo, do informe da Policía Local emitido en data 1.8.13, que indica o seguinte:

"A Policía Local con relación a escrito presentado por "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.", no que solicita o repintado da praza de aparcamento de uso exclusivo a minusválidos existente na Avda. de Marín, nº 26.

Infórmase que non hai inconveniente en acceder ó solicitado e que ademais tamén sería conveniente que se sinalice con un sinal vertical."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local en data 1.8.13.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

C) PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE PRESIDENTE DA COMISIÓN DE FESTAS DO CRISTO-2013.

Dase conta de proposta de data 5.8.13 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de nomeamento de presidente da Comisión de Festas Patronais do Concello de Cangas "FESTAS DO CRISTO-2013", a Jose Luis Gestido Porto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, para nomeamento de presidente da Comisión de Festas Patronais do Concello de Cangas "FESTAS DO CRISTO-2013", a Jose Luis Gestido Porto.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.